

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO DE COMPARSAS PARTICIPANTES NO PASARRÚAS E GALA DO ENTROIDO 2020 NO CONCELLO DE FERROL

1. O Concello de Ferrol realizará o Entroido o luns día 24/02/2020 no centro da cidade. As actividades previstas serán as seguintes :

- ◆ **Desfile-pasarrúas de comparsas** cuxo trazado e saída se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.
- ◆ **Gala do Entroido.** Festival no que as comparsas desenvolverán a súa capacidade creativa nun escenario, cuxa situación e horario de inicio se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebradas no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Ferrol convoca **un concurso de Entroido para comparsas, grupos, parellas e persoas que de xeito individual participen no desfile-pasarrúas.**

2. As comparsas inscritas no concurso participaran no desfile e na gala do Entroido, (**un máximo de 15 comparsas**), previa presentación da folla de inscrición (**Anexo I**) no Rexistro xeral, nos termos e formas establecidos na lexislación vixente (Lei 39/2015 de Procedemnto administrativo, art. 16 e concordantes).

Tamén **poderán participar** no desfile-pasarruas os **grupos (un máximo de 5 grupos)** que estarán integrados por un mínimo de (8) oito persoas cada ún deles, **parellas** (un máximo de 6) e **persoas que participen de xeito individual** (un máximo de 6), previa presentación da folla de inscrición, segundo corresponda (**Anexo II, Anexo III e Anexo IV**) no Rexistro xeral, nos termos antes indicados.

O prazo de inscrición será de 10 días naturais dende o día seguinte ao da publicación destas bases no BOP. O criterio de admisión será o seguinte:

- *Terán preferencia* as comparsas, grupos, parellas e individuais que teñan o seu domicilio no Concello de Ferrol.
- *Rigorosa orde de entrada* da solicitude de participación no Rexistro xeral.

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de oíto (8) comparsas participantes.

3. **As comparsas** participantes optarán aos premios en metálico, segundo a valoración do xurado nomeado para tal efecto, e que estará presente no lugar donde se desenvolva a Gala do Entroido. Os premios aos que se opta, serán os seguintes:

1º Premio	630 euros
2º Premio	620 euros
3º Premio	610 euros

Accesits por participar (si non se acada ningún premio específico)

Cada comparsa percibirá a cantidade de: **600 euros**. **Cada grupo**, percibirá a cantidade de: **250 euros**. **Cada parella**, percibirá a cantidade de: **60 euros**. **Persoas que participan de xeito individual** percibirá a cantidade de: **40 euros**.

O pago destes premios en todas as modalidades realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na folla de inscrición e no documento oficial do Concello de Ferrol de "designación de conta bancaria e comunicación da baixa de datos bancarios", (Anexo VI) sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

4. Consideraranse como "**comparsas**" o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dezasis (16) compoñentes **debidamente caracterizados e gardando unha unidade temática** na súa vestimenta e actuación. A simple uniformidade dos seus compoñentes non será considerado como "caracterización", quedando nas mans da organización deste evento a exclusión daquelas agrupacións que non cumpran estas normas, este mesmo criterio aplicarase aos grupos, parellas e individuais.

5. Todas as comparsas e grupos deberán estar **caracterizados axeitadamente** e preparadas para a súa participación, tanto no pasrrúas-desfile coma na gala-festival, así como á disposición da organización deste evento nos horarios fixados por esta.

Por parte da organización se comunicará, tanto a orde de saída no desfile como a orde de actuación na gala, por calquera dos medios de notificación indicados na solicitude.

6. Cada comparsa deberá interpretar, ante o público e nas instalacións destinadas ao evento as súas cancións, que terán unha **duración máxima de 5 minutos**. As **letras** serán en **galego** e cada comparsa entregará no Concello (Negociado de Cultura-Festas) copia das cancións ou do guión das parodias a interpretar .

7. As comparsas poderán distribuír as letras das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Ferrol non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas participantes.

8. As comparsas, os grupos, parellas e individuais seleccionados participarán no desfile e na gala realizada. Permanecerán nas rúas da cidade, ambientando a zona, ata o remate das actuacións do festival.

9. A inscrición implica o total coñecemento das bases do concurso. O incumprimento dalgunha delas supón a descualificación e baixa do concurso.

10. O xurado terá en conta a orixinalidade, que deberán ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical. Valorarase a complexidade e dificultade na elaboración dos traxes, a vistosidade dos mesmos tanto en movemento como parado, a complexidade e orixinalidade do conxunto que deberá ir en concordancia co tema que se pretende mostrar.

11. O xurado estará composto polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas que actuará como presidente. Terán a condición de vogais un representante de cada grupo municipal.

En todo caso, tanto o presidente como os vogais poderán delegar ditas funcións.

A actuará como secretario/a un funcionario/a da unidde administrativa á que lle corresponda a súa tramitación, que actuará con voz e sen voto e levantará acta do acaecido ao remate do concurso.

O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no momento da votación dos premios.

13. Cada compoñente das comparsas ou grupos, parellas ou individuais inscritos, ademais da solicitude deberán presentar obrigatoriamente os anexos correspondentes que se achegan con estas Bases.

14. O impulso, ordenación, instrucción e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, en todo caso aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

15. Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que poideran recibir as entidades e persoas premiadas na Gala do Entroido 2020.

16. As presentes Bases serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) e na páxina web do Concello así como os Anexos correspondentes.

17. Convocar o concurso de comparsas e pasarrúas da gala do Entroido 2020 do Concello de Ferrol, atendendo ao obxecto, requisitos, prazos, documentación e valoración establecidos nas bases específicas anteriormente aprobadas, sendo de aplicación supletoria a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

O gasto correspondente aos premios ascende a **10.910.- euros** correspondente ao aboamento ás comparsas e grupos, parellas e a persoas que participan de xeito individual, participantes no concurso e no desfile-pasarruas de Entroido 2020, e que se imputarán á partida orzamentaria 05101 3381 48000.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

O concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas,
Antonio Golpe Díaz